

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 24.11.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 09.50 h. do 24.11.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten:

María Carmen Silvar Canosa e Rita María Couto Sejjido.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora municipal:

Marta Roca Naveira

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Antes de dar comezo o alcalde intervén dicindo que hai varias emendas do grupo municipal do BNG aos expedientes incluídos na orde do día pero non poden ser aceptadas porque obrigarían a deixar sen efecto o Pleno e volver instruír novos expedientes polo que non se poden aceptar as emendas presentadas.

1. Aprobación, se procede, do expediente de transferencia de crédito núm. 14/2014

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada desfavorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 votos en contra (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 17.11.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 14/2014.

Ante a urxencia de incrementas as aplicacións orzamentarias que se relacionan na providencia de inicio do expediente, e logo de ver o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 69000.00 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2014.

Téndo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función- área de gasto- por importe de 69000.00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz. Minoradas

APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
241/14100	Promoción do emprego. Outro personal	14000.00
011/31000	Débeda pública. Intereses	1500.00
011/31003	Débeda pública. Intereses	2800.00
011/31004	Débeda pública. Intereses	2100.00
011/31011	Débeda pública. Intereses	1100.00
011/31096	Débeda pública. Intereses	2500.00
171/13100	Parques e xardíns. Personal laboral	24000.00
162/12005	REcollida de lixo. Soldos	6300.00
151/13100	Urbanismo. Personal laboral	1700.00
132/16200	Seguridade e orde pública. Formación	3000.00
132/12101	Seguridade e orde pública. CE	10000.00
TOTAL		69000.00

Aplic.Orz. incrementadas

231/48001	Acción social. Transferencias	19000.00
323/22700	Promoción educativa. Limpeza e aseo	50000
TOTAL		69000.00

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto lexislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, a 10 de novembro de 2014.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda Juan José Franco Casal que di que trátase dunha transferencia de crédito por importe de 69000,00 euros que minora partidas sobrantes para incrementar 2 partidas, Acción Social e Promoción Educativa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu partido xa lle ten dito ao concelleiro de Facenda que non ten ningún problema en aprobar algún destes gastos, pese a que os orzamentos se aprobaron e debateron nos meses de agosto e setembro e non entenden que haxa os problemas que hai a nivel orzamentario. Respecto deste expediente o seu grupo xa dixo no debate orzamentario, respecto da partida de Acción Social, que se dedicaban poucos cartos ás partidas de Servizos Sociais e que se debían incrementar máis e cambiar as políticas para adaptalas ás circunstancias. O goberno fixo oídos xordos e agora veñen pedir-lles o voto para cambialas. Non obstante o Partido Socialista non quere deixar a foto de que non aceptan gasto social pero pide que se retire desta proposta os gastos que non están consensuados. Pasa igual coa segunda proposta que vén hoxe ao Pleno no que tamén rogarían que, como o actual goberno non ten maioría absoluta, retire os gastos que non están consensuados por diferentes motivos, nalgún caso porque non hai documentación suficiente, noutros casos porque o goberno está facendo gasto sen as correspondentes retencións de crédito e por tanto aquilo ao que non se está autorizado para gastar. O normal na política, cando un non ten maioría, non é vir aquí coa maleta chea de facturas e pretender que llas aproben, o normal é que se debata previamente o que se necesita e non sobre o que xa se gastou. Acaban de ver a proposta de emenda presentada polo grupo municipal do BNG que vai na mesma liña das súas inxerencias, de separar o gasto consensuado do que precisa máis explicacións e que vai pola vía que pode conducirlos ao entendemento. En todo caso se o goberno non quere entrar nun debate para tratar de consensuar o gasto no que estean todos de acordo o seu partido non vai aprobar as propostas que hoxe se traen.



Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que hai unha serie de datos que xa están falados e no que todos están de acordo, por iso para que os expedientes poidan saír hoxe, o BNG presenta estas emendas co obxectivo de aprobar, cando menos, as cousas máis importantes. O que si está claro é que se trata reducir partidas e non se vai gastar máis do que sinalan os informes de Intervención e isto é un tema máis político que técnico, así poderían saír hoxe do Pleno con determinadas partidas aprobadas. Pensan que todo o que está falado e consensuado están de acordo en sacalo cara adiante, sen entrar no tema dos orzamentos no que o BNG xa dixo que as partidas de Servizos Sociais e Axudas Sociais non lle ían chegar os cartos. Por iso mantén a idea de que a emenda a poden sacar cara adiante e cando menos aprobar unha parte das partidas do expediente.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere lembrar que na Comisión da semana pasada xa se falou de separar por partidas e houbo 1 semana para facelo. Falouse que se votaría doutro xeito si se fixera así. Di que sería mellor votar por partidas e quere aclarar respecto da partida de Servizos Sociais que dende un primeiro momento, no debate dos orzamentos, xa deixou claro que eran moi poucos cartos para o que se estaba vivindo no Concello. A súa intención é facilitar a acción social porque o pide a súa coherencia. Respecto do expediente di que houbo a marxe dunha semana para poder traer hoxe aquí as partidas por separado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que semella que non hai moitas posibilidades de chegar a un acordo. No camiño de conseguir un acordo, o PSOE quere aclarar as cousas nas que estarían de acordo, así no punto 1 de Acción Social estarían de acordo en aprobalas. Tampouco tería problema en aprobar a partida de Enerxía Eléctrica e a merca de ordenadores. En canto á reparación e mantemento de infraestruturas pensan que é imprescindible que o concelleiro de Servizos Lles explique certos gastos xa que non se está a falar dunha previsión de gastos senón que de gastos realizados sen consignación orzamentaria. Respecto do último expediente a partida de Seguridade e Orde Público, Elementos de Transporte, tampouco terían problema en aprobalas. Nestas circunstancias insiste unha vez máis na importancia de chegar a un acordo e de seren capaces de superar as barreiras particulares para camiñar na senda dos intereses dos veciños de Fene e rógalle ao alcalde que presente no Pleno anunciado para o venres unha proposta corrixida na que se poida debater isto por separado para que se poida aprobar, incluso se o concelleiro de Servizos dá unhas explicacións razoables de onde se gastaron os cartos gastados a maiores sen retención de crédito ningunha tamén se poden debater e aprobar por separado. Por iso rógalle ao alcalde que deixe o primeiro e segundo punto enriba da mesa para debatelo separadamente no Pleno do venres para seren quen de sacar adiante aquilo que os une, que é máis do que os separa, se ao final do debate seguen mantendo as dúbidas que teñen os grupos da oposición.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que incide no xa manifestado.

A continuación intervén o alcalde que di que o Pleno vai seguir adiante e se van votar os asuntos incluídos na orde do día. Pensa que levan debatendo este tema bastante tempo e esas propostas puidéronse facer na Xunta de Voceiros ou na Comisión e ata agora, momento no que se fai o Pleno non se oíu nada, non houbo nin propostas, nin emendas nin solicitudes de aprobar determinados gastos si se aprobarían e outros non. Achegóuselles, como solicitaron, os gastos que houbo nas partidas e pensa que non procede, sen prexuízo de que o concelleiro de Facenda o considere conveniente, tramitar un expediente tal e como o están solicitando. Non obstante pensa que por falta de falar non é.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que é unha sorpresa esta proposta de emenda e todos saben perfectamente que os prazos son moi xustos. Toda a documentación que foi solicitada achegóullella por correo electrónico aos grupos políticos, con relacións de gastos detallados e informes, e incluso preguntoulles se precisaban máis información ao que lle contestaron que era suficiente, polo que non sabe que máis información lle poden facilitar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que lle sorprenden estes comentarios, xa que a semana pasada xa lle adiantou ao concelleiro



de Facenda, non por escrito pero si de palabra, as cousas que o seu grupo vía razoables e díxolle que o resto ía ser moi difícil.

A continuación o alcalde pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do BNG Juventino José Trigo Rey, ¿canto tempo levan con isto?, ao que lle contesta que 15 días. O alcalde respóndelle que bastante máis.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que fai 1 semana se falou de separar as partidas. Na Comisión falouse de que partidas podíanse aprobar e cales non, por iso insiste en que hai partidas, como as de Servizos Sociais, que apoiará por coherencia, por iso solicita que conste en acta que o seu grupo foi o que máis incidiu no escaso destas partidas nos orzamentos. En todo caso, este xeito de traer os expedientes o terán en conta de aquí en adiante.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle lembra ao concelleiro de Facenda que o mércores da semana pasada tiveron unha conversa telefónica sobre este tema no que o seu grupo xa lle solicitou que lle separasen aqueles temas que xa estaban consensuados na Xunta de Voceiros ou na reunión posterior á Comisión de Facenda na que participaron os 3 grupos políticos e no que lle manifestaron que se separasen todos aqueles temas no que había consenso, por iso o concelleiro de Facenda o sabía e o alcalde tamén o sabía porque parte das cuestións xa foron manifestadas en diversas Xuntas de Voceiros e iso foi coñecido con días de antelación. Tamén di, respecto dos asuntos técnicos, que se os tempos son xustos e que o persoal do Concello é o que é, tamén queren lembrarllas que o goberno ten a previsión para o venres de aprobar outro suplemento de crédito para facer outro tipo de gastos, e se para ese expediente hai tempo tamén pode habelo para este outro asunto. Pensa que se falou con tempo, que aínda que os prazos sexan xustos aínda hai marxe para facer estes expedientes e rogaríalle que tomasen a senda do diálogo, cando ademais hai cousas que xa están faladas. Por outro lado terán que pensar moito que se vai facer coa partida de Servizos Sociais. Tamén queren que se diga no Pleno cales son as maiorías requiridas para aprobaren os puntos da orde do día. Queren tomar unha decisión respecto do primeiro punto xa que o PSOE non está por votar en contra de partidas dedicadas a Servizos Sociais, máxime cando todos os partidos da oposición están dispostos a aprobalas.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que lle agradece ao voceiro do grupo municipal socialista Antón Lois Noceda Carballo que lle dea a razón cando fixo constar que foi en varias Xuntas de Voceiros e saben que se teñen reunidos moitas veces e se as cousas non saen non é culpa só do goberno, que será compartida por todos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que na Xunta de Voceiros díxoselles que había un par de partidas que están flouxas, camiños e culturas, e non se concretou nada ata agora. As cousas que se concretaron na Xunta de Voceiros son ás que están dicindo que se apoian e as que non se concretaron, incluso algunhas que se dixeron e que non se inclúen no expediente hai que concretalas.

Seguidamente o alcalde anuncia que os 3 expedientes precisan maioría simple para seren aprobadas.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 votos en contra do grupo municipal do BNG e 5 abstencións (4 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función- área de gasto- por importe de 69000.00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz. Minoradas

APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
241/14100	Promoción do emprego. Outro persoal	14000.00

011/31000	Débeda pública. Intereses	1500.00
011/31003	Débeda pública. Intereses	2800.00
011/31004	Débeda pública. Intereses	2100.00
011/31011	Débeda pública. Intereses	1100.00
011/31096	Débeda pública. Intereses	2500.00
171/13100	Parques e xardíns. Persoal laboral	24000.00
162/12005	Recollida de lixo. Soldos	6300.00
151/13100	Urbanismo. Persoal laboral	1700.00
132/16200	Seguridade e orde pública. Formación	3000.00
132/12101	Seguridade e orde pública. CE	10000.00
TOTAL		69000.00

Aplic. Orz. incrementadas

231/48001	Acción social. Transferencias	19000.00
323/22700	Promoción educativa. Limpeza e aseo	50000.00
TOTAL		69000.00

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

2. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 3/2014

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada desfavorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 votos en contra (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 17.11.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 3/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 03/2014 de suplemento de crédito financiados con RTGX por un importe global de 116000,00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/21000	Estradas. Reparacións e mantemento infraestrutura	50000.00

453/61900	Estradas. Investimento reposición	38000.00
313/22700	Accións públicas relativas á saúde. Servizos limpeza	5000.00
323/22100	Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica	5000.00
920/62600	Administración xeral. Equipos informáticos	18000.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 116000 €.

2º.- Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 3/2014 con RTGX por importe de 116000 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 10 de novembro de 2014.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que logo do debate do primeiro punto di que se o goberno quere consensuar algo xa saben a súa opinión.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que está de acordo cunhas partidas por importe de 28000,00 euros, as relativas ás Accións públicas relativas á Saúde, Promoción Educativa e a relativa aos equipos informáticos, polo que roga que se eliminen o resto das partidas. Caso contrario non votarán a favor.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que mantén na liña do dito anteriormente no primeiro punto e só apoiarían as partidas relativas a Servizos Sociais.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 9 votos en contra (4 do grupo municipal socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), e 6 votos a favor do grupo municipal do PP.

3. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 4/2014

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada desfavorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 votos en contra (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 17.11.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 4/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.



Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.
Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2014 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 21000,00 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
132/62400	Seguridade e orde público. Elementos de transporte	17000.00
312/62200	Hospitales, servicios asistenciales e centros de saúde.	4000.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 21000 €.

2º.- Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 4/2014 con RTGX por importe de 21000 €.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 10 de novembro de 2014.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que manterá a coherencia do dito na Xunta de Voceiros e nas reunións que se fixeron sobre os gastos a realizar e como sobre estes gastos se manifestaron a favor seguirán mantendo o mesmo criterio.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que tiñan pensado votar a favor da proposta pero ante a aptitude da cerrazón do goberno municipal van votar en contra.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 4 abstencións do grupo municipal socialista e 5 votos en contra, (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2014 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 21000,00 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)

132/62400	Seguridade e orde público. Elementos de transporte	17000.00
312/62200	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.	4000.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 21000 €.

2º. Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 4/2014 con RTGX por importe de 21000 €.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 10.28 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García